



Produtor, non pague dobre imposto no verán

Os custos do estrés por calor estanse a converter nun “imposto fixo” que cada ano os gandeiros se ven obrigados a aboar mediante a redución do seu volume de produción. Neste traballo sinalo os principais problemas do estrés calórico e ofrezco algunhas claves para lograr reduci-lo.

Israel Flamenbaum

Cow Cooling Solutions Ltd, Israel
www.cool-cows.com

Os impostos sobre a actividade leiteira varían dun país a outro. Algúns deles eximen os agricultores do pago de impostos sobre os ingresos, uns reducen as taxas impositivas e outros pídenlles aos produtores leiteiros que paguen o imposto total sobre os seus ingresos.

Con todo, ningún país exime os produtores de leite dos “impostos ao verán”, que se pagan debido á falta de facer fronte ao efecto negativo do estrés pola calor do verán nas súas vacas.

CANTO CUSTA ESTA TAXA DE IMPOSTOS?

Isto é, por suposto, diferente dun país a outro e depende das condicións climáticas (o número de horas por ano en que as vacas están sometidas a condicións de estrés por calor), o nivel de produción das vacas e as prácticas de manexo das granxas.

É POSIBLE EVITAR OU, POLO MENOS, REDUCIR ESTE PAGO?

A resposta é, definitivamente, si. Neste artigo tentarei definir o imposto pagado en diversas condicións climáticas, describir os factores que conduciron ao seu pagamento e, finalmente e o máis importante, mostrar (baseándonos en investigacións publicadas e achados de proxectos recentes en diferentes partes do mundo nos que estou involucrado) a que nivel este imposto innecesario se pode reducir.

O primeiro paso ao estudar o tema é coñecer os cambios que ocorren cando as vacas leiteiras están suxeitas a condicións de calor e como estes cambios causan este pago de impostos adicionais.

A continuación, enumero seis dos factores principais (non necesariamente en orde de importancia) mais, moi probablemente, haberá outros tamén relevantes que non se mencionen aquí.

1. O estrés térmico reduce a produción anual de leite da vaca

A medida que aumenta a produción da vaca, diminúe a cantidade de alimento necesaria para producir un litro de leite (isto é porque a cantidade de alimento requirida para o mantemento é constante e idéntica á dunha vaca que produce 10 ou 50 litros de leite por día). Por tanto, a produción dun litro de leite en vacas, pasando parte da súa lactación baixo condicións de estrés por calor, é máis baixa, o que incrementa o custo de produción do leite. As estimacións son que o custo de produción de leite en vacas que sofren de estrés térmico pode variar entre un 5 e un 20 % (dependendo da taxa de diminución na produción anual de leite da vaca).

2. O estrés térmico causa unha redución na eficiencia alimenticia

As vacas en condicións de estrés calórico desvían parte da enerxía consumida para activar os mecanismos de regulación da temperatura corporal. Esta enerxía réstase da necesi-

▶ A TAXA DE DETECCIÓN DE CELO EN CONDICIÓNS DE ESTRÉS POR CALOR É DE APROXIMADAMENTE O 50 % DA ACADADA EN TEMPERATURAS NORMAIS

ria para ser dirixida a producir leite. Os estudos estiman que aproximadamente do 10 ao 15 % da enerxía de alimentación se desvía a fins non produtivos cando as vacas están sometidas a condicións de estrés por calor, o que conduce a unha diminución na eficiencia da alimentación que se converte en leite.

3. O estrés térmico reduce o contido de graxa e proteína do leite e aumenta o contido de células somáticas

A produción baixo condicións de estrés calórico pode causar unha diminución de entre 2 e 4 puntos porcentuais no contido de graxa do leite e de 1 a 2 puntos porcentuais no contido de proteína do leite. Cando as vacas son sometidas a condicións de estrés por calor (como calquera outro tipo de estrés), as células somáticas no leite pódense incremen-

tar en aproximadamente 100.000 unidades. Todos estes cambios poden levar a unha diminución nos ingresos anuais da unidade leiteira.

4. O estrés térmico afecta negativamente á fertilidade das vacas

A redución das características de fertilidade das vacas débese á mingua da detección de celo e ás taxas de concepción, o que prolonga o intervalo entre partos e aumenta a taxa anual de vacas descartadas debido a problemas de fertilidade. Os estudos mostran que a taxa de detección de celo en condicións de estrés por calor é de aproximadamente o 50 % da acadada en temperaturas normais. As taxas de concepción a inseminacións administradas na estación cálida redúcense á metade, ou mesmo a menos, respecto das obtidas en condicións de confort térmico. ▶▶

ENSILADO DE MAÍZ Y GIRASOL EN MICROSILOS

NO ES
HIERBA,
ES MAÍZ

TRATADO CON
INOCULANTES



SILO DE GIRASOL: aproximadamente, 14 % de proteína y 11 % de grasa
SILO DE MAÍZ: aproximadamente, 31-35 % de materia seca y 30-34 % de almidón

MEZCLAS HÚMEDAS A LA CARTA

- Girasol-Maíz
- Avena
- Raigrás
- Centeno

VENTAJAS DEL MICROSILO

- Disponibilidad del producto en las cantidades deseadas
- Fácil y cómodo de transportar
- Puede utilizarse directamente como comedero ad libitum
- Puede estar al aire libre
- Larga conservación: hasta 24 meses



Disponemos de maquinaria para preparar pastoreo y grano húmedo con nuestros maíces o con los suyos

LASO
ENSILADOS 100% natural

Tels: **629 558 710 - 618 742 195**
alfonsolasope@gmail.com

► O ARREFRIADO AXEITADO PODE CONTRIBUÍR A 1.400 LITROS ADICIONAIS DE PRODUCCIÓN DE LEITE E A 500 \$ DE INGRESO POR VACA ANUALMENTE

5. O estrés térmico reduce a inmunidade das vacas e aumenta as taxas de morbilidade

As vacas expostas a condicións de estrés por calor, especialmente en etapas próximas ao parto, tenden a desenvolver infeccións a un ritmo maior e sofren taxas de recuperación máis lentas, o que reduce a súa produción e aumenta a taxa de descarte.

6. O estrés calórico no período seco reduce a súa produción na lactación subseguinte

A presenza de vacas secas en condicións de estrés calórico provoca cambios fisiolóxicos que afectan negativamente ao desenvolvemento do feto e á súa indución no desenvolvemento do tecido do ubre, o que diminúe a produción de leite na lactación subseguinte. Investigacións levadas a cabo recentemente mostran que estas vacas acadarán unha lactación inferior, que alcanza só o 90-95 % do potencial produtivo normal da vaca.

CANTO É O IMPOSTO NO PERÍODO ESTIVAL PAGADO POLO PRODUTOR DEBIDO AO ESTRÉS POR CALOR?

Para responder a esta pregunta, utilizarei os datos dunha enquisa realizada nos Estados Unidos. Recompiláronse os datos climáticos de cada un dos estados e presentouse a diminución esperada no rendemento das vacas. Con base nestes datos, os investigadores calcularon as perdas económicas causadas ás granxas leiteiras en cada un deses estados.

Neste estudo presentarei, por unha banda, datos tomados das explotacións situadas no norte de California, con entre un e dous meses estresantes por ano, que representan países con climas tibios, como os estados de Europa occidental e América do Norte, e pola outra, datos das granxas leiteiras de Florida e Texas, que representan o sueste de Asia, América Central e o Caribe, con entre seis e oito meses de calor por ano.

Os resultados da enquisa indican que a produción de leite, en caso de que non se tomen medidas para aliviar a calor das vacas, tende a diminuír de 300 a 2.000 litros por ano en ambas as rexións, respectivamente, mentres que a perda no ingreso anual por vaca se espera que se reduza, oscilando entre 100 e 700 dólares.

Con base nos datos da enquisa, pódese cuantificar a magnitude da redución no rendemento anual das vacas e o alcance das perdas financeiras para a granxa (noutras palabras, os “impostos” que esta está obrigada a pagar cada ano debido ao estrés por calor durante o verán). Espérase que este “imposto” que se debe pagar oscile entre o 5 % dos ingresos totais das vendas de leite en granxas situadas en rexións tépedas e máis do 15 % dos ingresos en granxas situadas en rexións extremadamente cálidas.

É POSIBLE EVITAR OU, POLO MENOS, REDUCIR ESTE PAGO?

Para darlle resposta a esta cuestión reutilicei os datos da enquisa e tamén incluí os cálculos que fixen con base nos resultados dos proxectos de arrefriado das vacas nos que participo en diferentes partes do mundo.

Estudáronse os beneficios económicos do arrefriado das vacas de acordo cos datos da enquisa mencionados anteriormente. Os investigadores compararon as perdas económicas causadas polo estrés calórico de verán coas vacas de Florida cando non se proporcionaba arrefriado, con aquelas que se esperaban cando os sistemas de arrefriado de vacas aparecendo en publicacións científicas foron metidas en función e lograronse os resultados positivos. Supoñemos que a diferenza entre os dous escenarios reflicte o ingreso neto adicional que se espera obter cando as vacas se arrefrían de maneira apropiada na tempada cálida ou, noutras palabras, suponse que a granxa paga menos “impostos” polo estrés por calor.

En cifras póese afirmar que o arrefriado adecuado pode reducir as perdas anuais de produción de leite por animal en 1.600 litros, cando non se practica o arrefriado a 200 litros, cando as vacas se arrefrían

adecuadamente. En termos económicos, o arrefriado correcto no verán diminúe as perdas de ingresos anuais por vaca, causadas polo estrés por calor desde 700 dólares cando as vacas non se arrefrían, ata 125 cando se fai ben. Cabe concluír que o arrefriado axeitado pode contribuír a 1.400 litros adicionais de produción de leite e a 500 dólares de ingreso por vaca anualmente. Noutras palabras, o “pago de impostos” por granxa á natureza neste caso minguou un 80 %.

Nos últimos anos estiven acompañando varios proxectos de refrixeración en países como México, Arxentina, Brasil, Italia, España, Turquía, Rusia e China. Os datos destes proxectos procesáronse e publicáronse recentemente como artigos en revistas para agricultores de diferentes países.

Con base nos resultados destes proxectos, púidose observar que a adaptación dos procedementos de arrefriado ás condicións de cada granxa contribuíu a un aumento do 6 ao 10 % na produción anual da vaca, reduciu á metade a diminución do índice de concepción no verán e mellorou entre un 5 e un 10 % a eficiencia de conversión de alimento a leite.

Da mesma maneira que nos datos da enquisa presentada anteriormente neste artigo, podemos atopar tamén nestes proxectos que o arrefriado intensivo das vacas no verán ten o potencial de diminuír entre 200 e 500 dólares por vaca o imposto ao estrés por calor que pagará o produtor anualmente. Noutras palabras, o arrefriado adecuado das vacas reduce o imposto de verán en máis do 50 %.

CONCLUSIÓN

O exposto ata agora indica que o pago de impostos polas granxas de diferentes rexións do mundo se pode reducir significativamente cando se implementan os medios recomendados de refrixeración no verán. Non cabe dúbida de que o da refrixeración é un dos investimentos máis valiosos que poden realizar as granxas de todo o mundo, sobre todo para as que están localizadas en zonas quentes. Espérase que este investimento se devolva en menos de dous anos, despois do cal a granxa simplemente deixará de pagar o dobre imposto no verán. ■